

O SERODIO

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO I.E.S. PAZO DA MERCÉ

M
A
R
Z
O



RECUPERANDO O MONTE DO NOSO INSTITUTO Alejandra González * O PATRIMONIO CULTURAL, UN BEN DE TODAS E PARA TODOS OS TEMPOS Óscar González * CONVERSA CON JOSÉ MODESTO UBEIRA Ángela Pérez e María Rodríguez * OBSOLESCENCIA FORZADA Isaac Patiño, Lara Domínguez, Roi Rodríguez, Alfonso Soto, Raúl Lamas e J.Manuel Páramo * O DÍA DE ROSALÍA NO NOSO CENTRO Equipo de redacción * FEMINISMO Equipo de redacción * BANDA DE MÚSICA POPULAR DE RUBIÓS Xián Rocha * RELATOS Equipo da Biblioteca

2
0
1
8



RECUPERANDO O MONTE DO NOSO INSTITUTO

Alejandra González

O contorno natural que nos rodea defínenos. O que vemos todos os días ó mirar pola fiestra cando nos levantamos, ó ir de camiño á escola ou ó traballo, é parte do que somos. Todos gardamos pequenos pero importantes recordos asociados ó lugar onde medramos. Eses recordos forman parte de nós, do noso carácter e dos nosos ideais e desexos.



Cos lumes do pasado 15 de outubro, eses recordos quedaron reducidos a cinza. Desapareceu aquel recuncho onde xogabas cos teus curmáns, aquel outro piñeiral onde ías recoller as piñas co teu avó ou esa carballeira na que faciades a merenda polo teu aniversario. O lume levou todas esas cousas e moitas máis.

Agora é tempo de sementar, de recuperar o perdido e mellorar o noso entorno. É preciso crear desde as cinzas o espazo no que queremos vivir, digno de ser protagonista de novas lembranzas.

Nesta tarefa os veciños das Neves somos especialistas xa que o lume do ano pasado non foi o primeiro que nos tocou vivir. Recordo nos meus primeiros anos de instituto ter pasado por algo semellante, o lume ás portas, todo negro, cinzas por todas partes. Como resposta a toda esa destrución emprendérase un plan de reforestación da contorna. Plantamos carballos, castiñeiros, algunha faia... Eu daquela nin os diferenciaba, pero si entendía que o que

estabamos facendo era importante. Ese día de plantación, fóra das aulas cos compañeiros, sentímonos un pouco parte da historia do centro e do concello, plantando árbores para o futuro, que crearían un bosque ó redor do centro. A idea de crear algo que formaría parte dese lugar durante moito tempo fascinábame, era como deixar un legado para os que viñesen detrás.

Doeme ver que ese legado tamén desaparecera co lume. Por sorte o que non se levou o lume foi o interese pola natureza que espertou en min o entorno no que medrei e accións como aquela plantación. Un interese que foi medrando e ó que finalmente decidín dedicar os meus días, convertelo no meu medio de vida. Por esa razón volvíñ ó instituto dez anos despois para que ese legado que deixamos nós, viva a través doutras árbores e doutros alumnos e alumnas. Coa axuda de doazóns e o voluntariado, plantouse máis dunha centena de árbores nos terreos queimados: carballos, castiñeiros, bidueiros, sobreiras, froiteiras... co obxectivo de crear un bosque recuperando as especies autóctonas e apostando pola diversificación do monte coa plantación de froiteiras e froitos silvestres.

Para que un proxecto coma este teña éxito é importante que as especies elixidas estean adaptadas ó lugar e que se planten na época axeitada pero o máis importante é o compromiso e o vínculo coa natureza que nace destas accións. Sen eles, tanto tería que plantásemos dez árbores que cen. Se non entendemos que grazas á natureza podemos ser quen somos e que ela precisa de persoas comprometidas na súa defensa, non estaremos facendo nada. Por iso ánimovos a saír das aulas e poñer as mans na terra, ánimovos a colaborar para que o noso legado non se perda. Pase o que pase no futuro, porque como dixo Marthin Luther King "se soubera que o mundo remata mañá, eu, hoxe aínda, plantaría unha árbore".

O PATRIMONIO CULTURAL, UN BEN DE TODAS E PARA TÓDOLOS TEMPOS

Óscar González

Concelleiro de Patrimonio e Medio Natural do Concello das Neves e
Presidente da Comunidade de Montes de Taboexa



Patrimonio histórico ou cultural é o conxunto de bens tanto materiais como inmateriais que os sucesivos pobos imos acumulando co paso do tempo.

Moitos son os tipos: o patrimonio natural, o artístico, o documental, o relixioso; o patrimonio etnográfico ou arqueolóxico, entre outros, que suman unha infinidade de elementos que perduran no paso do tempo grazas a axuda dos pobos.

Xardíns e áreas naturais, muíños e fontes, músicas e cancións, contos e lendas, mámoas e petróglifos son elementos que a veciñanza nevesa pode e debe seguir a pór en valor, debe coidar, preservar e loitar para que se transmitan a vindeiras xeracións.

A historia continuará grazas a nós.


Podería falar de decenas ou centenas de elementos patrimoniais en cada unha das parroquias das Neves, mais prefiro referirme ao patrimonio arqueolóxico. Desde finais do século pasado catalogáronse máis de cen destes elementos no noso territorio, o que pon ás claras o noso potencial neste ámbito.

Os lumes de outubro de 2017, deixaron en nós tristura pero tamén esperanza. Esperanza debido a que temos a oportunidade de comezar de cero na xestión forestal e tamén esperanza no ámbito arqueolóxico que ten a ver coa posta en valor de novos petróglifos que están a aparecer tralos lumes.

O novo petróglifo da Coutada en Taboexa é o maior descubrimento na arte rupestre galega dos últimos 25 anos. Nunha laxe duns 35 metros cadrados aparecen máis de 25 cabalos representados con diversas técnicas xunto con persoas e cans en distintas escenas de cacerías de cabalos. Estes gravados de entre 3000 e 4000 anos de antigüidade confirman a teoría de que no sur da provincia de Pontevedra son os cabalos e non os cervos os animais representados.

Esta laxe situada próxima a outros petróglifos xa coñecidos, muíños, lagaretas e castros debe ser sinalizada e musealizada entre todos nós e

así, a quen nos visite, tamén lle transmitiremos o valor patrimonial deste achádego. Oportunidade é a que temos o pobo nevés, a traveso deste descubrimento, de reafirmarnos na posta en valor do noso patrimonio cultural. Sintámonos orgullosos, coidemos e ensinemos os nosos petróglifos, mámoas, lagaretas, castros, lendas, muíños, fontes, cruces, regatos, árbores, sendeiros, cancións, filmes, áreas naturais e vistas panorámicas e moito máis que a memoria das nevesas e neveses gardan. Un pobo é máis rico canto máis valora o que ten, valorémolo e transmitamos esta riqueza a xeracións futuras para que As Neves siga a ser rica culturalmente en tódolos tempos.





CONVERSA CON JOSÉ MODESTO UBEIRA

Ángela Pérez e María Rodríguez 3º B

Entrevistamos a José Modesto Ubeira, experto pescador de lampreas. Comezou de neno a pescalas co seu pai que á súa vez comezara co seu avó. Era un ben moi prezado, un excelente manxar e un recurso económico para sustentar a economía familiar. Nas redes caían outros peixes, pero o que se buscaba era a lamprea. Podían acumular ata cen ou máis nun viveiro para logo ilas sacando polo San Xosé ou por Semana Santa. Aprendeu que no seu cautiverio a lamprea perdía graxa e ganaba en sabor. A pesca era un ritual compartido por moitos dos seus veciños, que dunha ou outra maneira accedían a un pesco. Pepe non deixou de pescar, segue pescando, agora tamén pesca o seu fillo.

María.- Comezando polas artes de pesca, a vostede parécelle que houbo moitos cambios desde os primeiros tempos que recorde a hoxe en día nas técnicas e artes de pesca? Cal é o avance máis grande?

Pepe.- Realmente non houbo grandes cambios, pero hai un bastante significativo: as redes de antes eran de fío de cordón e agora son de nailon. Este material fainas moito máis lixeiras e manexables e como consecuencia volvéronse bastante máis grandes.

Ángela.- Como eran as capturas de antes comparadas coas de agora? Hai máis xente pescando hoxe que antes?

Pepe.- Antes as capturas eran moito maiores. Tranquilamente un pescador de media podía pescar duascentas. Agora hai moi pouca xente pescando. Hai pescos abandonados e prácticas medioambientais inadecuadas relacionadas co boom da construción e que alteran o nivel do río que terminan por influír nas capturas.

Ángela.- Agora a lamprea é un produto moi, moi apreciado. Antes quen a comía? Preparábase nas casas ou xa había bares e restaurantes e xente de fóra que viña a comela como agora?

Pepe.- O valor da lamprea era, se cabe, maior antes. Resultaba un obxecto para agasallo de moita consideración. Mandábanse vivas a Madrid para a Casa Real. De sempre houbo restaurantes na zona ou en Vigo que as apreciaron.

María.- Fálase de que moitas das lampreas que se comen nos restaurantes veñen de fóra. De onde veñen a maioría? Unha vez cociñada como pode distinguirse?

Pepe.- Está claro que a lamprea que se colle no Miño, ou polo menos nesta zona coas artes que se utilizan que son limitadas, non abastece a demanda que hai. Veñen de Francia, Rusia, Canadá ... Chegan en camións cisterna. A diferenza entre estas e as nosas é, para que se entenda, a mesma que pode haber entre un polo de granxa e un da casa. É outro animal.

María.- Oíu falar das lampreas doutros ríos de Galicia? Que lle parecen?

Pepe.- Si, a lamprea non é exclusiva do Miño. É un animal que procede do mar e entra nos ríos galegos. As artes varían dunha zona a outra, pero todas as que chegan aos ríos atlánticos de Galicia son as mesmas.

Ángela.- Que idea se lle ocorre a vostede para facer que a lamprea sexa algo capaz de traer máis riqueza á zona?

Pepe.- O mellor que se pode facer é preocuparse pola continuidade, garantir que todo o mundo que a rodea non desapareza e que se conserve. A partir de aí haberá que pensar en máis cousas.

OBSOLESCENCIA FORZADA

Que é

A obsolescencia programada ou obsolescencia planificada é a determinación ou programación do fin da vida útil dun produto, de modo que, tras un período de tempo calculado de antemán polo fabricante ou pola empresa durante a fase de deseño do mesmo, este tórnase obsoleto, non funcional, inútil ou inservible por diversos procedementos, por exemplo por falta de repostos ou actualizacións de software, e hai que comprar outro novo que o substitúa. Ás veces por simple moda. A súa función é xerar máis ingresos debido a compras máis frecuentes para xerar relacións de adición (en termos comerciais, «fidelización») que redundan en beneficios económicos continuos por períodos de tempo máis longos para empresas ou fabricantes.

O obxectivo da obsolescencia programada non é crear produtos de calidade, senón exclusivamente o lucro económico, non téndose en conta as necesidades dos consumidores, nin as repercusións ambientais na produción e moito menos as consecuencias que se xeran desde o punto de vista da acumulación de residuos e a contaminación que levan.

Nas nosas vidas cotiás percibímola nomeadamente nos aparellos electrónicos: ordenadores, smartphones ou tabletas, que notamos que van máis lentos con cada actualización de software que lle temos que facer.

A obsolescencia programada entre o alumnado deste centro en cifras:

Estas son as cifras por grupos onde se pode ver por aula, cantos equipos hai obsoletos, e destes, cantos aínda se usan:

	1º A	1º B	2º A	2º B	2º PMAR	3º A	3º B	3º PMAR	4º A	4º B	1º BACH	2º BACH	1º FPB	2º FPB	1º CM	2º CM
Ord. de sobremesa	7 6	1 1	7 6	7 4	4 1	14 8	10 2	4 4	12 5	12 2	5 2	10 10	3 1	0 0	3 0	2 1
Ord. portátiles	2 0	3 2	9 9	5 1	4 0	16 14	2 1	0 0	12 7	7 7	0 0	4 1	0 0	1 0	1 0	1 1
Tabletas	14 12	7 4	10 6	4 1	2 0	13 5	4 1	2 1	6 3	10 6	0 0	2 0	4 2	0 0	2 0	0 0
Smartphones	6 4	16 8	7 7	39 5	29 8	18 3	9 7	6 1	20 5	13 0	2 0	7 1	5 1	2 0	6 1	7 0
Videoconsolas	8 7	3 1	6 3	30 11	19 4	16 5	15 9	6 4	14 8	7 5	9 5	7 2	4 4	6 0	6 3	8 7

	1º A	1ºB	2ºA	2ºB	2ºPM	3ºA	3ºB	3ºPM	4ºA	4ºB	1ºB	2ºB	1ºFB	2ºFB	1ºCM	2ºCM
Equipos obsoletos	37	30	39	85	58	77	40	18	64	49	16	30	16	9	18	18
Nº Alumnos	24	21	18	15	10	20	17	9	20	20	24	21	8	12	17	11



604
267

	Total equipos obsoletos	Total úsanse	Non se usan	% de reutilización
Ordenadores de sobremesa	101	53	48	52,48%
Ordenadores portátiles	67	43	24	64,18%
Tabletas	80	41	39	51,25%
Smartphones	192	51	141	26,56%
Videoconsolas	164	78	86	47,56%
TOTAL	604	266	338	44,04%


Isto nos dá un promedio de **2,26** equipos obsoletos por alumno do instituto.

Unhas gráficas...

Graficamente, vemos os grupos que máis equipos mercan para deixalos despois tirados



Podemos comprobar que os equipos obsoletos que máis hai nas nosas casas son Smartphones e Videoconsolas.



Podemos comprobar que os equipos obsoletos que máis se reutilizan son as Videoconsolas.

Os que máis reutilizan e os que máis malgastan...

Os grupos que teñen máis equipos tirados pola casa porque xa non os usan:

Os máis derrochóns	4ºB	4ºA	3ºA	2ºB	2ºB
Ordenadores de sobremesa	10				
Ordenadores portátiles		5			
Tabletas			8		
Smartphones				34	
Videoconsolas					19

Os grupos que máis reutilizan son:

- **Ordenadores de sobremesa:** 2º Bach. Teñen 10 equipos vellos e utilizan todos eles.
- **Ordenadores portátiles:** 3º A. Teñen 16 equipos vellos e aínda usan 14.
- **Tabletas:** 1º A. Teñen 14 tabletas vellos pero aínda aproveitan 12.
- **Smartphones.** 2ºA. De 7 que teñen, reutilizan os 7.
- **Videoconsolas:** Empatán 1º A e 1º de CM con 8 consolas que teñen, das que aínda usan 7.

Conclusións:

- **Os smartphones e as videoconsolas son os que se deixan antes tirados polos armarios.** Claramente inflúe o factor da moda, de querer ter o equipo máis moderno, porque as actualizacións de software afectan máis aos ordenadores e tabletas, pero destes hai menos.
- Neste centro, **temos que felicitar a 1º da ESO A**, porque son os que mellor aproveitan os equipos, destacando tanto en Tablet as coma Videoconsolas.
- Aínda que non están en primeiro lugar, **tamén son bos recicladores os grupos de 2º ESO A, 3º de PMAR e 1º de FP Básica.**
- Pola contra, temos que **darlle un bo tirón de orellas ao grupo de 2º ESO B**, que son o grupo que máis gasta en Smartphones e tamén en Videoconsolas para non usalos despois.
- Neste sentido, aínda que non son os que máis malgastan, **tamén hailles que tirar das orellas aos grupos de 2º de PMAR e a 3º A e B e a 4º A e B**, que teñen demasiados equipos sen aproveitaren.

Que podemos e debemos facer?

- Non mercar por impulso nin por moda
- Priorizar a compra de produtos respectuosos co medio.
- Mirar se o equipo é fácil de reparar e desmontar, se temos servizos de reparación cerca de nós.
- Antes de tirar un equipo, mirar a posibilidade de reparalo no servizo técnico oficial ou noutro centro de reparadores expertos.
- Usar software libre e máis lixeiro nos ordenadores vellos, como Xubuntu ou Puppy Linux ou Ubuntu.
- Evitar cargar a memoria e o disco duro con exceso de arquivos e aplicacións ou programas.
- Ter os arquivos multimedia: fotos, vídeo e videoxogos, nun disco externo.

COLABORADORES

A realización deste traballo foi posible grazas á participación na recollida de datos de:

2º ESO A: Isaac Patiño Silva e Lara Domínguez Barbosa.

2º ESO B: Roi Rodríguez Echegaray, Alfonso Soto Iglesias e Raúl Lamas Carballo.

Profesor: José Manuel Páramo Rodríguez.

CELEBRANDO O DÍA DE ROSALÍA CUN CALDO DE GLORIA



Celebramos no noso centro o *Día de Rosalía* con diversos actos. Nas primeiras horas elaboráronse varias pancartas que se colocaron en distintos lugares, pendurando unha delas na fachada principal. Logo degustouse un exquisito caldo de gloria mentres se recitaban algúns poemas de Rosalía ou se interpretaban con acompañamento musical.

Animamos a que leades a Rosalía, de quen temos nutrida mostra bibliográfica na Biblioteca, que, como sabedes, leva o seu nome.



A Casa da Matanza



CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA




Lectura do manifesto polo Día Internacional da Muller Traballadora.

9 de marzo



Debuxo de Gisela Lorenzo 4ºB 8 de marzo



Reivindicando a Olimpia Valencia xinecóloga galega

7 de marzo



Acción poética de Olalla Cociña, titulada "Cofre de Maquillaxe".

7 de febreiro



Actuación en UUMM das Punkiereteiras en con cancións defensa da loita feminista.

5 de marzo

Damos conta de varios actos celebrados no noso Instituto contra a violencia machista e o patriarcado.

Non é unha tarefa nova senón de sempre, de xeito cotiá.

QUEREMOS SER MULLERES LIBRES EN TERRITORIOS LIBRES !!!

BANDA DE MÚSICA POPULAR DE RUBIÓS

Xián Moldes 2º ESO B

Os comezos da Banda de Música Popular de Rubiós datan do ano 1892. Existía un pequeno coro na parroquia e, vendo as facultades musicais dalgúns dos seus compoñentes, foi o párroco Evaristo Senra quen se esforzou por conseguir o nacemento dunha Banda de Música.



O primeiro mestre de entrada foi Manuel de Tomás, con quen a Banda foi crescendo, chegando a actuar por toda a provincia. Así, foise desenvolvendo baixo a dirección de varios mestres, tales como Juan Novoa, veciño de Rubiós, que se iniciara na banda parroquial e mellorara a súa formación musical en bandas militares, compositor da tan coñecida muiñeira "Mozos do Penedo" e outras.

Coa ditadura franquista remata a primeira etapa da Banda, xa que quedou sen a maior parte dos seus compoñentes. Ademais, a emigración tamén contribuíu a que durante varios anos deixase de existir.

No ano 1958 houbo un intento de refacela por parte de Alfonso Méndez Méndez, gran mestre nativo de Rubiós que dirixira algún tempo as Bandas de Música de Guláns e de Valadares. No 1962 e no 1969 houbo tamén tentativas, pero ningunha conseguiu o seu obxectivo.

En 1985, acórdase no pleno da Corporación Municipal, fomentar e axudar ao rexurdir da Banda de Música de Rubiós. Así, pedindo a colaboración veciñal, comezaron a impartirse clases de solfexo, da man de Eugenio Fontán, nativo de Rubiós, ás que acudían aqueles que sendo mozos formaran parte de anteriores intentos de recuperala e tamén un número elevado de mozos e mozas que serían a nova xeración da Banda.

En 1987, faise a presentación oficial da Banda de Música Popular de Rubiós no concello das Neves, baixo a batuta de Ramón González "Viceiro", natural de Marín.



Na actualidade a Banda actúa por toda a provincia, chegando incluso a fóra das nosas fronteiras. Neste pasado 2017 celebrou o seu 30 aniversario desde o seu rexurdir e o seu 125 aniversario desde a súa creación.